



## **BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN FAMILIAR 2017**

### **1.- DISPOSICIÓN XERAL**

Estas Bases establecen os criterios e procedementos para a concesión de axudas as familias que precisan servizos específicos para a conciliación laboral e familiar por non contar con apoios no seu entorno.

### **2.- FINALIDADE E OBXECTO**

A presente convocatoria ten como finalidade axudar economicamente ás familias que por motivos de traballo precisen contratar os servizos de garderías privadas ou coidadores profesionais para que se fagan cargo de menores con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos.

Unha vez o/a menor estea escolarizado, esta axuda só se poderá percibir polos servizos contratados para ser prestados fóra do horario escolar.

As axudas consistirán no reembolso do 50% do gasto realizado entre o 01.01.2017 e o 31.10.2017 cun límite máximo de 2.500 € por menor.

Éstas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre e cando a suma das mesmas non supere o 100% do gasto efectivamente realizado. Nese caso as axudas minoraranse ata ese límite.

### **3.- REQUISITOS**

- A unidade familiar leve un mínimo de dous anos empadroada no concello de Boiro.
- O nivel de renda familiar non supere 3,5 veces o IPREM vixente.



## CONCELLO DE BOIRO

- Exista coincidencia do horario laboral do resto de membros que impidan o coidado do/s menor/es e obrigue a contratación do servizo de garderías privadas ou coidadores profesionais.
- Presentación das facturas e o seu xustificante de pago, conforme ao establecido no punto cinco destas Bases.

### **4.- FINANZAMENTO DAS AXUDAS**

As axudas concederanse con cargo a seguinte partida orzamentaria 2311/4800 do exercicio 2017, comprometéndose o Concello a dotala de 12.000 €.

### **5.- PROCEDEMENTO E PRAZOS DE SOLICITUDE**

As solicitudes destas axudas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello entre o 2 e o 16 de novembro de 2017 (ambos incluídos) en horario de 9 a 13.30h, segundo o modelo de solicitude que figura como Anexo I desta convocatoria, acompañadas da seguinte documentación:

- Libro de familia.
- Volante de empadramento familiar histórico no que conste unha unha antigüidade mínima de 2 anos no termo municipal de Boiro.
- Copia compulsada do contrato de traballo ou documento acreditativo das persoas que estean en idade de traballar e convivan co menor, onde se especifique o horario laboral.
- Copias compulsadas ou orixinais das facturas xustificativas da prestación do servizo por parte da persoa ou empresa coidadora para o período anteriormente indicado no punto 2 destas bases, acreditando o pagamento de ditas facturas.



## CONCELLO DE BOIRO

As facturas deberán conter como mínimo os seguintes requisitos:

1. Nome, razón social, NIF ou CIF e enderezo de quen emite a factura.
2. Desglose do IVE ou imposto correspondente, de selo caso.
3. Nome, domicilio, NIF ou CIF do beneficiario/a.
4. Descrición detallada do servizo
5. Número de factura, data de emisión e denominación de "Factura".

O pago acreditarase mediante a presentación da transferencia bancaria. En casos excepcionais admitirase o pago en metálico, debendo constar o recibí na factura, con indicación do CIF/DNI e selo da empresa, de selo caso.

- De ser o caso, copia compulsada do certificado de minusvalía ou recoñecemento de dependencia de calquera dos membros do núcleo de convivencia.

- Xustificante expedido pola entidade bancaria do número de conta bancaria no que desexa percibir a axuda.

- Autorización para que o Concello de Boiro poda comprobar mediante a realización da correspondente consulta a Facenda dos datos referidos aos ingresos da unidade familiar (*Riscar na solicitude – Anexo I*)

- Declaración de que non se recibiu ningunha outra subvención para a mesma finalidade ou declaración de que se recibiron outras subvencións co mesmo fin, indicando a cuantía percibida e presentando xustificante da cantidade cobrada ou copia compulsada do mesmo. (*Riscar na solicitude – Anexo I e achegar o documento correspondente*)

- Autorización para que o Concello de Boiro poda realizar a comprobación de estar ao corrente coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social e declaración de non ter débedas co Concello (*Riscar na solicitude – Anexo I*)

-Declaración de dar publicidade da axuda a percibir de darse o caso (*Riscar na solicitude – Anexo I*)



## CONCELLO DE BOIRO

### **6.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES**

As axudas serán outorgadas pola Xunta de Goberno Local de acordo coa delegación de competencias da Alcaldía – Presidencia, previo informe debidamente motivado da comisión de valoración conforme aos criterios recollidos no sétimo punto das presentes bases.

A comisión estará formada por:

- 1.- O alcalde ou concelleiro/a en quen delegue esta tarefa
- 2.- A concelleira de Servizos Sociais, Terceira Idade, Muller e Igualdade.
- 3.- Un técnico/a do departamento encargado da supervisión da documentación.
- 4.- O/A interventor/a da Corporación ou técnico/a do Departamento de Intervención en quen delegue esta tarefa.
- 5.- O secretario da Corporación que actuará como secretario da comisión con voz pero sen voto

A comisión elaborará unha proposta na que se incluírán as persoas beneficiarias e a contía correspondente ata completar, de selo caso, o importe máximo de axuda total destinada a tal fin.

A proposta de resolución da comisión de valoración será elevada a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación. En todo caso , deberán ser resoltas antes do 31 de decembro de 2017.

A resolución de concesión das axudas ao abeiro do disposto nestas bases farase pública mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios e na



## CONCELLO DE BOIRO

páxina web do Concello e será notificada a todas as persoas que resulten beneficiadas.

Contra a desestimación, presunta o expresa, das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos procedentes.

Toda alteración das condicións para a concesión da axuda poderá dar lugar no seu caso a modificación do acordo.

Facúltase a Xunta de Goberno Local para a interpretación de calquera dúbida que xurda na aplicación destas bases.

### 6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

- Nivel de renda familiar, **ata un máximo de 3,5 veces o IPREM vixente**, dividido polo número de persoas que consten no certificado de convivencia familiar aplicando a seguinte fórmula de proporcionalidade inversa (ata 10 puntos):

$$\begin{array}{ccc} A & \text{---} & B \\ C & \text{---} & X \end{array}$$

$$X = \frac{A \times B}{C}$$

A= Menor renda *per capita* entre as solicitudes presentadas

B= Máxima puntuación (10 puntos)

C= Renda *per capita*

X= Puntos outorgados

-Aquelas familias que conten con membros afectados por algunha discapacidade ou minusvalía ou teñan recoñecida a dependencia (1 punto).

En caso de empate a puntos terase en conta a orde de presentación da solicitude para outorgar a axuda.



## **7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

1º.- O sometemento as actuacións de comprobación por parte do Concello da efectiva realización da actividade para a que se concederon as axudas.

2º.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

3º.- Facilitar a información que sexa requirida polo Concello relativa a concesión da axuda.

4º.- Destinar a contía das axudas ao fin para o que foron concedidas.

## **8.- CONTÍA DAS AXUDAS**

As axudas previstas consistirán nun 50% do gasto xustificado mediante factura oficial xa pagada, cun límite máximo de 2.500€ por menor.

En todo caso as contías non superarán o crédito recollido na aplicación orzamentaria correspondente.

## **9.- REINTEGRO DE AXUDAS**

As persoas beneficiarias procederán ao reintegro do total ou parcial das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- Non destinar as axudas á finalidade para a que foi outorgada.
- Obtención das axudas por ter falseado os datos presentados.



## CONCELLO DE BOIRO

### Anexo I

#### SOLICITUDE E XUSTIFICACIÓN AXUDAS A CONCILIACIÓN FAMILIAR 2017

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI  
\_\_\_\_\_, telf. \_\_\_\_\_ e con enderezo aos efectos de  
notificación en \_\_\_\_\_,

#### EXPÓN:

**Primeiro.-** Que ten coñecemento das Bases reguladoras das axudas que o Concello de Boiro concede ás familias que por motivos de traballo precisen contratar os servizos de garderías privadas ou coidadores profesionais para que se fagan cargo de menores con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos.

**Segundo.-** Que acredita o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiario/a da mesma mediante a presentación da seguinte documentación: (*riscar cun X o que corresponda*)

- Fotocopia do libro de familia.
- Volante de empadroamento familiar histórico (antigüidade mínima de dous anos no concello de Boiro)
- Copia compulsada do/s contrato/s de traballo ou documento/s acreditativo/s das persoas que estean en idade de traballar e convivan co menor, onde se especifique o horario laboral.
- De ser o caso, copia compulsada do certificado de minusvalía ou recoñecemento de dependencia de calquera dos membros da unidade de convivencia.



## CONCELLO DE BOIRO

- Xustificante expedido pola entidade bancaria do número de conta bancaria no que desexa percibir a axuda ou indicación do nº de conta: \_\_\_\_\_

**DECLARO:** Que o conxunto das axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos para as actuacións previstas nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nesta resolución, son as seguintes: (risca a opción que proceda)

- Ningunha outra axuda ou subvención.
- Outras axudas ou subvencións e ingresos obtidos:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P(1)	PORCENTAXE(2)	ADMON./ENTIDADE CONCEDENTE (3)

- (1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)  
(2) Porcentaxe da axuda sobre o custo total  
(3) Indicar quen concede a axuda.

- Autorizo ao concello de Boiro a comprobar os ingresos da unidade familiar ante a Facenda Estatal.
- Autorizo ao Concello de Boiro a realizar a comprobación de estar ao corrente coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social e asemade declaro non ter débedas co Concello.
- Asumo o compromiso de dar publicidade da axuda recibida.

Polo exposto,



Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008  
N.º R.E.L. 01150119



Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: [correo@boiro.org](mailto:correo@boiro.org)  
páxina web: [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

## CONCELLO DE BOIRO

**SOLICITA:** A concesión da axuda na cantidade que proceda tendo en conta as bases que a regulan.

Boiro, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO